

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

- 14024** Orde IET/2786/2015, do 17 de decembro, pola que se modifica a Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, pola que se establece un mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte.

I

O Real decreto 1085/2015, do 4 de decembro, de fomento dos biocarburantes, regula para o período 2016-2020 un obxectivo global anual de consumo e venda de biocarburantes, sen restricións por produto, e dota os suxeitos obrigados a cumprilo de maior flexibilidade para alcanzalo.

A Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, pola que se establece un mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte, establece mecanismos de flexibilidade temporal para a contabilización das cantidades de biocarburantes vendidas ou consumidas e un sistema de certificación e pagamentos compensatorios, que permite aos suxeitos obrigados a transferencia de certificados, ao mesmo tempo que serve como mecanismo de control da obrigación.

A presente orde modifica a citada Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, para adaptala ao previsto no Real decreto 1085/2015, do 4 de decembro. En concreto, modifica o artigo 3, no artigo 4 modifica o número 1 e suprime os números 2, 3 e 4, e modifica o artigo 11, números 1 e 2, principalmente para eliminar as referencias ás obrigacións individuais de biocarburantes en diésel e en gasolina.

Así mesmo, modifícase o artigo 11, número 3, xa que este permite aos suxeitos obrigados cumprir as obrigacións establecidas para o logro dos obxectivos anuais de contido mínimo de biocarburantes e outros combustibles renovables, mediante a realización de pagamentos compensatorios, sempre que se alcance ao menos o 50 por cento dos obxectivos regulados tanto en gasolina como en gasóleo. Dado que desde a entrada en vigor do citado Real decreto 1085/2015, do 4 de decembro, se regula unicamente un obxectivo global, adécuase a obrigación ao dito obxectivo establecendo que se debe alcanzar ao menos o 50 por cento deste para que poida considerarse que a realización dos pagamentos compensatorios supón o seu cumprimento.

De acordo co disposto no artigo 5.2.a), así como na disposición transitoria sétima da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, obtívose o preceptivo informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Así mesmo, realizouse o trámite preceptivo de audiencia aos interesados, segundo o previsto no artigo 24.1 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación da Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, pola que se establece un mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte.*

Modifícase a Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, pola que se establece un mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 3, que queda redactado co seguinte teor:

«Artigo 3. *Suxeitos obrigados a acreditar o cumprimento dos obxectivos de venda ou consumo de biocarburantes con fins de transporte.*

Os suxeitos obrigados a acreditar o cumprimento dos obxectivos de venda ou consumo de biocarburantes con fins de transporte serán os establecidos no Real decreto 1085/2015, do 4 de decembro, de fomento dos biocarburantes, ou na regulación que o substitúa.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 4, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Os suxeitos obrigados á venda ou consumo de biocarburantes establecidos no artigo 3 deberán acreditar anualmente ante a entidade de certificación a titularidade dunha cantidade mínima de certificados de biocarburantes que permitan cumprir cos obxectivos regulados no Real decreto 1085/2015, do 4 de decembro, de fomento dos biocarburantes, ou regulación que o substitúa.

As porcentaxes indicadas no citado real decreto calcularanse de acordo coa seguinte fórmula:

$$OBin = (CBDin + CBCin) / (Din + Gin)$$

Onde:

OBin indica o obxectivo obrigatorio mínimo de venda ou consumo de biocarburantes regulado, que deberá ser acreditado polo suxeito obrigado *i*-ésimo no ano *n*.

CBDin é a cantidade de certificados de biocarburantes en diésel do ano *n* que sexan titularidade do suxeito obrigado *i*-ésimo.

CBGin é a cantidade de certificados de biocarburantes en gasolina do ano *n* que sexan titularidade do suxeito obrigado *i*-ésimo.

Din é a cantidade de gasóleo de automoción vendida ou consumida de acordo co establecido no artigo 3 polo suxeito obrigado *i*-ésimo no ano *n*, expresada en toneladas equivalentes de petróleo (tep). Esta cantidade incluírá as mesturas de biocarburantes con gasóleo de orixe fósil, así como as cantidades de biocarburantes puros susceptibles de seren mesturados con gasóleo de automoción.

Gin é a cantidade de gasolinas vendidas ou consumidas de acordo co establecido no artigo 3 polo suxeito obrigado *i*-ésimo no ano *n*, expresada en toneladas equivalentes de petróleo (tep). Esta cantidade incluírá as mesturas de biocarburantes con gasolinas de orixe fósil, así como as cantidades de biocarburantes puros susceptibles de seren mesturados con gasolinas.»

Tres. Suprímense os números 2, 3 e 4 do artigo 4.

Catro. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 11, que quedan redactados como segue:

«1. Os suxeitos obrigados que non dispoñan de certificados suficientes para o cumprimento das súas obrigacións estarán obrigados a realizar pagamentos compensatorios polo importe que resulte da aplicación da seguinte fórmula:

$$PCin = \alpha T \cdot DTin$$

Onde:

PCin é o pagamento compensatorio expresado en euros que realizará o suxeito obrigado *i*-ésimo no ano *n*.

$\alpha T$  é un valor de 763 €/certificado.

DTin é o déficit de certificados de biocarburantes para o suxeito *i*-ésimo no ano *n* de acordo coa fórmula seguinte:

$$DTin = \max \{0, OBin \cdot (Din + Gin) - CBGin - CBDin\}$$

O resto de parámetros son os definidos na presente orde.

2. Os ingresos xerados por este concepto en cada ano natural dotarán un único fondo de pagamentos compensatorios que a entidade de certificación repartirá entre os suxeitos que contén con exceso de certificados en relación coa súa obrigaón, segundo a fórmula seguinte:

$$PFCin = \beta \cdot ETin$$

Onde:

PFCin é o pagamento con cargo ao fondo de pagamentos compensatorios do suxeito obrigado i-ésimo no ano n.

$\beta$  é un valor máximo de 763 €/certificado.

ETin é o exceso de certificados de biocombustibles para o suxeito i-ésimo no ano n en relación co obxectivo global de biocombustibles, que se calculará de acordo coa fórmula seguinte:

$$ETin = \max \{0; (CBDin+CBGin) - OBin \cdot (Din+Gin)\}$$

O resto de parámetros son os definidos na presente orde.

En caso de que o fondo de pagamentos compensatorios dun ano non abonde para satisfacer a cantidade calculada segundo a fórmula anterior, esta cantidade reducirase de forma proporcional. En caso contrario, se houber un exceso de recursos no fondo de pagamentos compensatorios, este exceso pasará a dotar o fondo do ano seguinte.

3. Considerarase que a realización dos pagamentos compensatorios que resulten da aplicación do establecido no número 1, e que determinará a entidade de certificación conforme o establecido no artigo 12, supón o cumprimento das obrigaóns establecidas para o logro dos obxectivos anuais de contido mínimo de biocombustibles e outros combustibles renovables dun suxeito obrigado, sempre que se cumpra a seguinte condición:

$$(CBGin+CBDin) \geq 0,5 \cdot OBin \cdot (Gin+Din)$$

Onde os parámetros utilizados son os definidos na presente orde.

En caso contrario, considerarase que se produciu un incumprimento das obrigaóns establecidas para o logro dos obxectivos anuais de contido mínimo de biocombustibles e outros combustibles renovables, o que constitúe infracción moi grave de acordo co artigo 109, número 1, alínea aa, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. A imposición de sancións administrativas que poidan derivar do citado incumprimento realizarase sen prexuízo dos pagamentos compensatorios que se deberán efectuar en calquera caso, de acordo co establecido no número 1».

Disposición derradeira primeira. *Cesación de efectos.*

A partir da entrada en vigor desta orde, déixase sen efecto a Resolución do 8 de xullo de 2013, da Secretaría de Estado de Enerxía, pola que se actualizan para o ano 2013 valores das fórmulas de cálculo dos pagamentos compensatorios, relacionados co cumprimento da obrigaón de biocombustibles, contidos na Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2016.

Madrid, 17 de decembro de 2015.—O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, José Manuel Soria López.